



A prórroga dos ERTE afonda nos aspectos inxustos e reduce coberturas Non dá solucións para o persoal máis precarizado

O Goberno español, UGT, CCOO e a patronal pactaron unha prórroga dos ERTE que incide nos aspectos máis inxustos desta medida: non hai garantías de mantemento dos postos de traballo, déixase toda a capacidade de decisión ás empresas, e segue sen achegarse solución aos traballadores e traballadoras temporais que perderon o seu emprego dende o 14 de marzo.

As medidas adoptadas até agora van na liña contraria do que a CIG entende resultaría máis beneficio e xusto para o conxunto da clase traballadora. “En cada acordo que sae do diálogo social afóndase na desprotección da clase traballadora e négase unha saída xusta á crise”, alerta o secretario xeral da CIG, Paulo Carril. Advirte que calquera medida para afrontar o crítico momento actual non pode manterse sobre a vixencia das políticas laborais e económicas aplicadas con dureza nestes anos, nomeadamente as reformas laborais e das prestacións por desemprego de 2010 e 2012.

“Anular estas reformas permitiría que a negociación dun ERTE ou ERE non estea en mans exclusivas da empresa, senón que requiriría do acordo coa representación sindical e recuperaríase o exercicio do control e, no seu caso, da autorización previa pola Administración”, explica. Xunto a isto, Carril subliña que, para minimizar o impacto dos ERTE, débese prohibir simultanealos con outras medidas lesivas como un descolgue salarial ou a inaplicación do convenio; e garantir



de xeito xeral para toda a clase traballadora o chamado contador a 0.

Tamén obrigar as empresas a completar até o 100% dos salarios, reincorporar progresivamente a todo o persoal temporal da empresa principal ou externas que foi despedido e, como data límite, facelo no último mes de vixencia do ERTE.

Cambios na política fiscal

A CIG defende que estas coberturas sexan aplicábeis a todas as persoas traballadoras, incluíndo as que foron despedidas por causa desta situación ou que desde o 1 de xaneiro estiveran xa percibindo prestación por desemprego, tendo en conta que nesta nova prórroga redúcense as persoas que poden acceder ás condicións máis beneficiosas, deixando fóra precisamente a aqueles colectivos máis precarizados e aos que o Ingreso Mínimo Vital non está dando resposta suficiente.

“Estas persoas deben poder beneficiarse, cando menos, do ‘contador a 0’ e ter garantido o

cobro do 70% da base reguladora máis alá dos seis primeiros meses no desemprego”.

En relación con isto, Carril subliña á problemática de como afrontar o enorme gasto público xerado por esta situación extraordinaria, xa que a protección do capital prima sobre a protección social; é dicir, mantéñense as exoneracións abusivas das cotas empresariais mentres se desvían os fondos da Seguridade Social, do FOGASA e do SEPE.

“En vez de aplicar unha política fiscal progresiva ou recorrer a outras partidas (como os gastos militares ou os destinados á casa real), a solución que se ofrece pasa por reducir as coberturas e financiar estas medidas cos cartos de todos os traballadores e traballadoras”, critica.

Xunto a isto, a CIG demanda que se habilite un procedemento especial para o cobro puntual a día primeiro do mes das prestacións por desemprego e solucións aos problemas que o SEPE está xerando no recoñecemento da prestacións segundo as circunstancias persoais.

Nova regulación do traballo a distancia: moitas eivas e moi poucas garantías

A CIG denuncia que a regulación do traballo a distancia que vén de aprobar o Goberno español perante a nova realidade laboral derivada da pandemia da covid contén moitas eivas e moi poucas garantías, entre elas as de non sentar as bases para unhas condicións laborais dignas, ademais de excluír as persoas que xa teletraballan e deixar unha ampla marxe para a fraude na súa aplicación.

O Real Decreto-lei 28/2020, do 22 de setembro, recolle o acordo asinado polo Ministerio de Traballo, os sindicatos e a patronal española, e tras seren publicado no BOE será validado no Congreso dos Deputados/as polo trámite de proxecto de lei. Trátase dunha normativa coa que se pretende superar a redacción do artigo 13 do Estatuto dos Traballadores/as diante da nova realidade laboral provocada pola pandemia da covid, que supuxo unha enorme expansión do traballo a distancia. Porén, as persoas que están a teletraballar a raíz da crise sanitaria fican excluídas da lei.

A disposición transitoria terceira establece que o decreto-lei non se lle vai aplicar, cando menos inicialmente, ás persoas que xa traballan a distancia como medida excepcional derivada da pandemia. Mentres non se levanten as medidas de contención sanitaria, a norma que lles afectará será a anterior, coas únicas salvidades de que a empresa deberá facerse cargo de medios, equipos, ferramentas e consumíbeis, así como da manutención necesaria.

Tampouco vai afectar ao emprego público, sexa persoal funcionario, estatutario ou laboral, que se rexerá pola súa normativa específica. Para o resto das persoas traballadoras a afectación será progresiva e demorada: o decreto-lei entra en vigor o próximo 13 de outubro, fixando un prazo de tres meses para que os acordos previos de teletraballo non vinculados á pandemia se adapten á norma; no caso de que exista regulación sobre



o traballo a distancia no convenio colectivo, esta manterase até que perda a súa vixencia, ou durante un ano (prorrogábel até tres) no caso de que non teña data de remate.

Outro dos aspectos negativos da nova normativa ten que ver con que deixa unha ampla marxe para a fraude na súa aplicación.

A lei non senta as bases para unhas condicións laborais dignas e exclúe a quen xa teletraballa.

No texto defínese o teletraballo regular o que ocupa cando menos un 30% da xornada laboral durante tres meses. Porén, exclúe os contratos con menores ou de prácticas ou formación, que deberán contar cun mínimo do 50% de actividade presencial.

Este mínimo do 30% da xornada para aplicar a nova lexislación fíxose por esixencia da patronal e vai dar pé a que moitas empresas se beneficien de sistemas híbridos de traballo presencial e teletraballo sen teren que aplicar a lei naqueles aspectos en que contén algunha garantía adicional, como as relativos a desconexión dixital, protección de datos ou prevención

de riscos. Tamén é previsíbel que se pretendan esquivar estas novas garantías mediante o recurso a falsos/as autónomos/as.

Defectos insalváveis

Para a CIG a nova lei nace con dous defectos insalváveis. Por unha banda, é unha norma de mínimos que non dignifica a prestación do traballo nesta modalidade nin resolve a actual situación laboral derivada da pandemia; e por outra, chega despois de terse interrompido o proxecto normativo que estaba en marcha, que foi paralizado no CES "de maneira inaudita e sen antecedentes" en favor do chamado diálogo social. Por iso critica que se obvien os trámites ordinarios e se menosprezen as institucións e organismos paritarios de representación.

O Goberno español abriu unha consulta pública para a elaboración da futura lei do teletraballo, na que a CIG presentou as súas achegas e consideracións. "Pero a tramitación da lei quedou suspendida de xeito insólito cando se atopaba no CES para pactar un acordo con UGT, CCOO e a patronal que non establece as bases para garantir unhas condicións dignas de teletraballo".



Por unhas pensións dignas e un sistema público de atención ás persoas

O colectivo de persoas xubiladas e pensionistas da CIG mobilizouse este xoves día 1 na Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Santiago e Vigo na defensa dunhas pensións públicas dignas e garantidas e para esixir un sistema público galego de atención ás persoas. As protestas, realizadas diante de edificios administrativos do Goberno español e da Xunta de Galiza, repetíranse con carácter mensual até finais de ano.

Dende o colectivo advirten que a crise económica derivada da crise sanitaria está a servirllle de escusa á UE para esixir reformas das que o sistema público de pensións é obxectivo principal. A diario publícanse informacións sobre medidas que se pretenden implantar baixo a suposta inviabilidade do sistema e que suporán a prolongación da vida laboral e unha maior dificultade no acceso á xubilación.

Tamén denuncian que as pensións galegas seguen sendo as segundas máis baixas do Estado, e que máis da metade das persoas pensionistas na Galiza cobran menos de 706 euros. E a precariedade das pensións das mulleres galegas, que de media perciben case 300 euros menos que

un galego. Ademais, das persoas que teñen as pensións máis baixas, máis do 60% son mulleres.

Por iso unha das reivindicacións da CIG é a fixación por lei da pensión mínima igual ao Salario Mínimo Interprofesional (que debera estar no 60% do salario medio) e a revalorización anual como mínimo co IPC.

Outra das reclamacións é a creación dun sistema público galego de atención ás persoas por parte da Xunta para aglutinar as actuais residencias, centros de día, servizos de axuda no fogar, e outros, de xeito que todas as persoas vexan cumprido o seu dereito a unha vida digna cando as súas circunstancias lles impiden poder facelo autonomamente.

Poucos recursos

A pandemia evidenciou os escasos recursos que se destinan a estes servizos, así como a nefasta xestión nos centros privatizados ou privados. Malia termos unha poboación envellecida e con pensións cativas, só un 25% das residencias para maiores ou dependentes son de titularidade pública, e incluso sumando públicas e privadas só hai 3 prazas por cada 100 maiores de 65 anos. No caso dos centros de día, só

86 dos 313 concellos galegos contan cun servizo público deste tipo, sendo 15 deles de titularidade municipal.

A isto hai que sumarlle a disparidade dos servizos de axuda no fogar que, sendo competencia da Xunta, estanse derivando dende hai anos aos Concellos, o que supón que en cada Administración local se oferta de xeito diferente, pero sempre cunhas condicións precarias para as traballadoras/es.

Ademais, preto de 8000 persoas seguen sen obter a prestación de dependencia que teñen recoñecida. Esta falta de recursos públicos leva a que moitas persoas non poidan acceder aos servizos de atención, condenando unha vez máis as mulleres a seguiren exercendo de coidadoras con tripla xornada.

Por iso é necesario un cambio radical nas políticas de atención ás persoas e no modelo de xestión, o aumento nos orzamentos destinados á atención á dependencia, o incremento na dotación de prazas públicas de centros de día e residencias e incorporar o servizo de axuda no fogar a un ente público galego para rematar coas miserentas condicións laborais e salariais das empregadas/os.

Unidade de acción e mobilización

Intervención pública en Alcoa para que as cubas non paren

Máis que nunca resulta imprescindible manter a unidade de acción e intensificar as mobilizacións para obrigar os Gobernos español e galego a adoptar as medidas que impidan a Alcoa executar o seu plan de despedimentos e desmantelamento das cubas.

Por iso, e á espera de pór en común coas administracións os pasos a dar, unha cousa fica clara: a loita segue viva e hai que dar a batalla pola continuidade industrial e dos empregos na fábrica de San Cibrao.



“Aínda que pareza que estamos a expensas do que decida Alcoa, o camiño que temos andado é moito, pondo este conflito no centro da axenda política e conseguindo que o Goberno español e a Xunta asumiran as nosas posturas e a nosa loita; agora tócanos levala até o final”, afirmaba o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, un día despois de rematar, sen acordo, o período de consultas do ERE.

Ante a evidencia de que multinacional non desexa acadar unha solución, a CIG fai un

chamado a aumentar as medidas de presión, iniciar as respostas legais que corresponde dende o comité e as centrais sindicais e insistir ante o Executivo español e a Xunta de Galiza para que redobren esforzos e teñan a valentía de tomar as decisións políticas adecuadas.

“Non contemplamos outra alternativa que manter a actividade produtiva e que as cubas non paren.

Hai dous compradores, un é o grupo británico GFG Alliance, o outro é o Estado, a través da SEPI. Se Alcoa non accede a unha venda, temos que conseguir efectivizar esa intervención pública da fábrica, xa sexa

mediante unha adquisición temporal como propuxo o Ministerio de Industria ou mediante unha fórmula de expropiación”, asevera o secretario xeral da CIG.

Reitera que a nacionalización das instalacións é viábel e posíbel, xa que non existe ningún impedimento na legisla-

ción galega, española ou europea que impida esta actuación. Só precisa de vontade política. Esta sería a resposta que leva agardando o conxunto da comarca da Mariña dende que a multinacional norteamericana anunciou a presentación dun ERE para 540 traballadores/as e que afectaría a outros tantos traballadores/as das auxiliares.

A participación masiva nas manifestacións e accións reivindicativas dan

boa conta da contundente resposta da sociedade mariñá na defensa da súa industria e do dereito a ter un futuro digno na nosa terra fronte ao terrorismo patronal que representa Alcoa.

Mudar as políticas públicas

Porque este conflito pon en evidencia a necesidade urxente de mudar as políticas públicas, a comezar pola derogación da reforma laboral “para que as empresas non teñan en exclusiva a decisión sobre os despedimentos e para recuperar a autorización administrativa previa dos ERE e dos ERTE”.

Mais tamén advirte da necesidade de adoptar políticas para que sectores industriais estratéxicos sexan xestionados dende o sector público e deste xeito “non estean sometidos á extorsión de empresas multinacionais como Alcoa que, ante unha decisión unilateral de peche tomada en Pittsburgh, provoca a destrución de miles de empregos e a desaparición dun sector estratéxico para a Mariña e para toda Galiza como é a produción de aluminio”.

Os sectores industriais estratéxicos, como o aluminio, deben xestionarse dende o público.